

V PREMIO DE XORNALISMO JOHÁN CARBALLEIRA do Concello de Bueu

1. O certame está aberto a traballos de temática libre pertencentes a calquera xénero periodístico, publicados con firma ou pseudónimo entre o **1 de xaneiro e o 31 de outubro de 2007**, ámbalas dúas datas incluídas. Os traballos, que deberan ter sido publicados en medios impresos ou dixitais, estarán escritos en lingua galega.

2. Aceptaranse un máximo de 2 traballos por autor/a. De cada traballo teñen que presentarse un orixinal e 3 copias da páxina ou páxinas completas da revista ou xornal que acolleu a súa publicación. Dos traballos publicados en medios dixitais deberán presentarse en calquera caso 3 copias impresas, non aceptándose aqueles traballos que se remitan por correo electrónico. Tanto nos orixinais coma nas copias debe figurar a data de publicación dos traballos.

3. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación “*V PREMIO DE XORNALISMO JOHÁN CARBALLEIRA*” e sen remite identificador, no seguinte enderezo: CONCELLO DE BUEU, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra). No interior do sobre, ademais dos traballos, achegarase unha folla coa seguinte información: nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo, número de teléfono e correo electrónico.

4. O prazo límite para a recepción dos traballos que participen neste certame péchase o día **6 de novembro de 2007**.

5. O premio terá unha dotación única de 1.500 €, contía á que se lle aplicarán as retencións fiscais oportunas. O premio, que é único e indivisible, poderá declararse deserto.

6. O Xurado estará composto por tres persoas vinculadas ao xornalismo galego e máis un/ha secretario/a. Este xurado valorará positivamente aqueles traballos enmarcados nos xéneros da reportaxe e a entrevista, xéneros nos que desenvolveu maioritariamente o seu labor xornalístico Johán Carballeira.

7. A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través dos medios de comunicación no transcurso da semana anterior á entrega do premio, a cal terá lugar a finais do mes de decembro de 2007.

8. O Concello de Bueu resérvase o dereito de reprodución dos traballos premiados, así como de calquera outro presentado ó certame, na forma e o medio que estime máis conveniente, aínda que incluíndo sempre o nome de cada autor/a.

9. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

Máis información
SERVIZO DE
CULTURA
DE BUEU
986324338
cultura@bueu.org
www.bueu.org

XI PREMIO DE POESÍA JOHÁN CARBALLEIRA do Concello de Bueu

B A S E S

1. Poderán concorrer a el tódalas autoras e autores que presenten os seus orixinais escritos en lingua galega. Os textos, cuxa extensión deberá superar os 400 versos, terán que ser inéditos e non estar premiados en anteriores convocatorias do premio nin en ningún outro concurso de poesía (de suceder isto con posterioridade á presentación dos traballos, o/a autor/a deberá comunicarllo inmediatamente á organización).

2. Presentaranse 3 copias en tamaño folio, mecanografadas a dobre espazo, numeradas e grampadas ou encadernadas. Estas deberán vir identificadas cun título e máis un lema ou pseudónimo. Xunto coas copias achegárase un sobre pechado en cuxo exterior figure tamén o título e mailo lema ou pseudónimo. No interior do sobre incluírase a seguinte información: nome do/a autor/a, DNI ou pasaporte, enderezo, número de teléfono e correo electrónico.

3. As obras presentaranse en sobre pechado, coa indicación “*XI PREMIO DE POESÍA JOHÁN CARBALLEIRA*” e sen remite identificador, no seguinte enderezo: **CONCELLO DE BUEU, rúa Eduardo Vincenti, nº 8, 36930 Bueu (Pontevedra).**

4. O prazo de presentación dos orixinais remata o **31 de outubro de 2007.**

5. O premio terá unha dotación única de 1.500 €, contía á que se lle aplicarán as retencións fiscais oportunas. O premio, que é

único e indivisible, poderá declararse deserto.

6. O xurado estará composto por tres persoas vinculadas á literatura galega e máis un/ha secretario/a.

7. A decisión do xurado, ademais de comunicarse ó gañador ou gañadora da convocatoria, anunciarase a través dos medios de comunicación no transcurso da semana anterior á entrega do premio, a cal terá lugar a finais do mes de decembro de 2007.

8. As obras devolveranse por correo postal ás autoras e autores que o soliciten no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ao da resolución do xurado. Os traballos non reclamados en prazo serán destruídos.

9. O Concello de Bueu resérvase durante un ano os dereitos de publicación da obra premiada, en tódalas linguas do Estado. Nese sentido, o/a autor/a renuncia a favor do Concello, na 1ª edición, a calquera tipo de remuneración polos seus dereitos de autor/a.

10. A participación nesta convocatoria implica a aceptación das normas contidas nas presentes bases, así como a decisión do xurado, que será inapelable.

Máis información
SERVIZO DE
CULTURA
DE BUEU
986324338
cultura@bueu.org
www.bueu.org